

## CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

**Artigo 1º.-** Constitúese na parroquia de Mondego, concello de Sada, unha asociación sen ánimo de lucro que se denominará **Asociación de música e danza tradicional Queiroa**.

A asociación rexerase polos presentes *Estatutos*, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

**Artigo 2º.-** Son fins principais da asociación promove-lo desenvolvemento da música e cultura tradicional de Galicia.

**Artigo 3º.-** Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organiza-las seguintes actividades: fundamentalmente a creación dun grupo de baile, pandeiretas, percusión e gaitas.

Como asociación sen ánimo de lucro, destinaranse ós devanditos fins polo menos o setenta por cento das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto, exceptuándose as achegas efectuadas en concepto de dotación patrimonial.

**Artigo 4º.-** O enderezo da asociación radicará na localidade de Sada, na Rúa da Praia, 5 Baixo 15160.

Para os efectos de comunicacións e notificacións sinálase como preferentes os seguintes enderezos:

-Rúa da Praia, 5 Baixo 15160  
[-grupoqueiroa@gmail.com](mailto:-grupoqueiroa@gmail.com)  
-666606947 (presidente)

**Artigo 5º.-** A asociación en función dos seus fins e do emprazamento do seu enderezo social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

**Artigo 6º.-** A duración desta asociación é de carácter indefinido e só se disolverá conforme a estes *Estatutos*, pola vontade das persoas asociadas expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.



A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da *Constitución* e do resto do ordenamento xurídico.

## CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS E DAS ASOCIADAS

**Artigo 7º.-** Poderán ser integrantes da asociación tódalas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar, que dalgunha maneira teñan interese en servir ós fins dela e sexan admitidas pola Xunta Directiva.

**Artigo 8º.-** Dentro da asociación poderán existilas seguintes clases de asociados/as:

- a) Fundadores/as, aquelas persoas que subscribiron a *Acta Fundacional*.
- b) Numerarios/as, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da *Acta Fundacional*.
- c) Honorarios/as, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.
- d) Infantís, aquelas persoas menores de 18 anos que participen na asociación. Estarán integradas na sección infantil, no seu caso.

**Artigo 9º.-** Os asociados e as asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas asembleas con voz e voto.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Aproveitar tódalas vantaxes e beneficios que a asociación poida obter.
5. Ter copia destes *Estatutos*.
6. Ser informados da composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información dos acordos adoptados polos órganos da asociación.
8. Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da asociación.
9. Ser informados do estado de contas de ingresos e gastos da asociación tódolos anos, así como do desenvolvemento da súa actividade.

**Artigo 10.-** Son obrigas dos asociados e das asociadas:

1. Prestar cantos servicios determinen os *Estatutos*, o *Regulamento de Réxime Interno* e os acordos das asembleas xerais.
2. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos/as.
3. Asistir ás asembleas xerais.



4. Satisface-las cotas que se establezan.
5. Observar unha boa conducta individual e cívica.
6. Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e o contido destes *Estatutos*.

**Artigo 11º.-** Os asociados/as honorarios/as e infantís non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación dela, pero están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

**Artigo 12º.-** Os acordos de admisión das persoas asociadas tomaraos a Xunta Directiva unha vez recibida a petición da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante, a solicitude deberá ser autorizada polo/a representante, pai, nai ou titor/a do/a solicitante, e se acreditará a identidade deste/a.

**Artigo 13º.-** A condición de asociado ou asociada pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago nas cotas.
3. Por realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses da asociación.
4. Por expediente disciplinario.

**Artigo 14º.-** A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade da persoa asociada, esta deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

**Artigo 15º.-** As persoas asociadas poderán pedi-la separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dunha persoa asociada cando se estea a tramitar un expediente sancionador ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da asociación. O expediente sancionador recollerase no *Regulamento de Réxime Interno*, pero en todo caso, contra a resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

### CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN



**Artigo 16º.-** A dirección e administración da asociación serán exercidas pola Presidencia, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

**Artigo 17º.-** O/A presidente/a da asociación asome a representación legal dela e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

O/A presidente/a será designado/a pola Asemblea Xeral entre asociados e asociadas que teñan polo menos un ano de antigüidade, e o seu mandato durará dous anos.

**Artigo 18º.-** A Xunta Directiva estará formada por un/unha presidente/a, un/unha vicepresidente/a, un/unha secretario/a, un/unha tesoureiro/a e tres vocais, cargos que deberán recaer entre asociados e asociadas que leven polo menos un ano na asociación.

**Artigo 19º.-** Os cargos que compoñan a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas; e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade, por si mesmos ou por persoa interposta.

Elixiranse pola Asemblea Xeral os cargos e durarán un período de dous anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos da Xunta Directiva renovaranse por metades. Na primeira quenda serán renovados o/a vicepresidente/a, o/a tesoureiro/a e un/unha vocal e na segunda quenda, ó ano seguinte, o/a presidente/a, o/a secretario/a e os/as outros/as dous/dúas vocais. O primeiro mandato dos cargos da segunda quenda de renovación durará un ano máis. O persoal de secretaría, se o houbese, será nomeado pola Xunta Directiva, que acordará ademais a súa retribución.

**Artigo 20º.-** É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas e leva-la xestión administrativa e económica da asociación, sometendo á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral. Corresponderanlle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola asemblea.

**Artigo 21º.-** A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o/a presidente/a ou o/a vicepresidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos/as seus/súas compoñentes. Será presidida polo/a presidente/a e, na súa ausencia, polo/a vicepresidente/a ou o/a secretario/a, por esta orde e, a falta deles, polo/a membro da Xunta Directiva de máis idade.



Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos e das asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de catro membros. No caso de empate decidirá o voto do/a presidente/a.

O/A secretario/a ou, no seu defecto, o/a vicepresidente/a levantará acta das sesións, que se transcribirá ó *Libro de actas*.

**Artigo 22º.-** Os/As membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte desas comisións ademais, o número de vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos súas respectivas presidencia. Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobren en subcomisións.

**Artigo 23º.-** A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolos e tódalas integrantes dela. O/A presidente/a e o/a secretario/a da Xunta Directiva o serán tamén da asemblea.

**Artigo 24º.-** A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten o 30% das persoas asociadas. Neste último caso, realizarse por medio de escrito, dirixido ó/á presidente/a, autorizado coas sinaturas dos e das solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 25º.-** A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas polo/a presidente/a da Xunta Directiva con sete días de antelación. A notificación farase por escrito, expresando o lugar, data e hora da reunión, así como a orde do día.

**Artigo 26º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aproba-la acta da reunión anterior.
2. Aproba-lo plan de actividades.
3. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
4. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
5. Aproba-lo orzamento de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Examinar e aproba-las cotas.
7. Censura-la xestión da Xunta Directiva.

**Artigo 27º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modifica-los *Estatutos* da asociación.
2. Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras asociacións.



4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
5. Acorda-la disolución da asociación.
6. Designar ás persoas liquidadoras.
7. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas por proposta da Xunta Directiva.
8. Solicita-la declaración de utilidade pública da asociación.
9. Aproba-lo *Regulamento de Réxime Interno* da asociación.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar á súa convocatoria sen grave prexuízo para a asociación.
11. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

**Artigo 28º.-** As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas na primeira convocatoria cando concorran a elas, presentes ou representadas, a maioría das persoas asociadas e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados e asociadas concorrentes.

**Artigo 29º.-** Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos e das asistentes ou representados/as, excepto os relativos os apartados 1, 5 e 7 do artigo 27º, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó *Libro de actas*, que asinará o/a presidente/a e o/a secretario/a da asemblea. A acta deberá ser lida e aprobada por maioría na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral.

**Artigo 30º.-** Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódalas persoas asociadas, incluso ás non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o/a presidente/a. Seguidamente se procederá por parte do/a secretario/a á lectura da acta da asemblea anterior, que deberá ser aprobada.

Posteriormente o/a secretario/a procederá a formula-la orde do día. Cada punto será informado polo/a membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes *Estatutos*, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase a facer unha quenda de rogos e preguntas e de adopción de acordos, concluída a cal levantará a sesión o/a presidente/a.

**Artigo 31º.-** Os acordos que vaian contra estes *Estatutos* ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.



**Artigo 32º.-** O/A presidente/a da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 17º, as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, en caso de empate.
- b) Propoñe-lo plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- d) Representar á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- e) Asina-las actas, certificados, pagos e outros documentos da asociación xunto co/coa secretario/a ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O/A presidente/a será asistido/a nas súas funcións polo/a vicepresidente/a, que ademais, substituirao/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

**Artigo 33º.-** O/A secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o *Libro de rexistro de asociados e asociadas*, e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle así mesmo, notifica-las convocatorias e custodia-las actas, e expedir certificacións delas co visto e prace do/a presidente/a.

Ó/Á secretario/a correspóndelle tamén leva-lo inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

**Artigo 34º.-** O/A tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a presidente/a, dirixirá a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, e participará en tódalas operacións de orde económico.

O/A tesoureiro/a ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 31 de decembro co fin de que as contas estean a disposición das persoas asociadas coa suficiente anterioridade á celebración da Asemblea Ordinaria.

**Artigo 35º.-** Os/As vocais terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

## CAPÍTULO IV DO RÉXIME ECONÓMICO



**Artigo 36º.-** A asociación carece de patrimonio ó constituírse.

O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

**Artigo 37º.-** A asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador do orzamento será elaborado polo/a tesoureiro/a da asociación, que deberá telo preparado antes do 1 de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

**Artigo 38º.-** A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas das persoas asociadas.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

**Artigo 39º.-** As cotas ordinarias acordaranse pola Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrables en caso algún e dedicándose a atende-las necesidades da asociación.

**Artigo 40º.-** Anualmente, con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das persoas asociadas durante un prazo non inferior a sete días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

**Artigo 41º.-** Anualmente, no tempo que establece o artigo 25º, a Asemblea Xeral Ordinaria aprobará o orzamento.

**Artigo 42º.-** Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a asociación os teña depositados, apertura de contas correntes e sinatura de contratos, quedan facultados o/a presidente/a, o/a vicepresidente/a, o/a tesoureiro/a e un/unha vocal. Dous destes catro cargos poderán realizar estas operacións indistintamente.

**Artigo 43º.-** Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso, os recursos obtidos pola asociación, poderán ser distribuídos entre as persoas asociadas.



## CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

**Artigo 44º.-** O *Regulamento de Réxime Interno*, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes *Estatutos*, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

## CAPÍTULO VI DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

**Artigo 45º.-** Estes *Estatutos* poderán ser modificados por proposta da Xunta Directiva ou a cuarta parte das persoas asociadas. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de sete días para que calquera persoa asociada poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á súa realización.

**Artigo 46º.-** Para ser aprobada a reforma dos *Estatutos* será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes das persoas asociadas, presentes ou representadas.

**Artigo 47º.-** A asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade das persoas asociadas acordada polas dúas terceiras partes das presentes ou representadas na Asemblea Xeral Extraordinaria.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

**Artigo 48º.-** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres persoas asociadas liquidadoras, que xunto co/coa presidente/a e co/coa tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 49º.-** O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra ou outras asociacións non lucrativas inscritas na Comunidade Autónoma que teñan os mesmos ou similares fins ós desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.



Os estatutos quedan redactados segundo as modificacións acordadas na  
assemblea xeral extraordinaria celebrada en Sada o día 14 de Abril de 2023.